

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL CEDEIRA

Información pública do plan de despregamento de rede de fibra óptica (FTTH) en Cedeira

ANUNCIO

INFORMACIÓN PÚBLICA DO PLAN DE DESPREGAMENTO DE REDE DE FIBRA OPTICA (FTTH) EN CEDEIRA

Expediente 2019/X999/000027

Sendo publicado anuncio na data 28.4.2020 (BOP nº 64) polo que se somete a información pública o Plan de Despregamento de rede de fibra óptica (FTTH) en Cedeira por un prazo de 20 días cuxo cómputo, ao estar en vigor o estado de alarma, comezaría cando cesara a vixencia do estado de alarma (en aplicación do disposto na Disp. Adic. 3ª do RD 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19).

Dado que o RD 537/2020, de 22 de maio, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo RD 463/2020 derroga con efectos de 1 de xuño de 2020 a Disp. Adic. 3ª do RD 463/2020, levántase a suspensión dos prazos administrativos cuxo cómputo reanudarase con efectos dende o 1 de xuño de 2020.

En cumprimento do exposto, o inicio do cómputo do prazo de 20 días do trámite de información pública do Plan de Despregamento de rede de fibra óptica (FTTH) en Cedeira comezará o día 1 de xuño de 2020.

Cedeira, 25 de maio de 2020.

O ALCALDE.

Asdo.- Pablo Diego Moreda Gil

2020/2922